

# BANDO

D .- ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARIN

## FAI SABER

Que debido a que estamos diante dunha situación hidrolóxica anómala para esta época do ano, na que a precipitación media acumulada na demarcación hidrográfica Miño-Sil, a día de hoxe, é un 41 % por baixo da media histórica, o que provoca que os caudais circulantes polos ríos sexan inferiores aos normais.

Recordáselle os veciño/as que o único **uso autorizado** é o **doméstico** (artigo 34 do regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable do Concello de Portomarin), polo tanto solicítase un **CONSUMO RESPONSABLE DA AUGA**, quedando **prohibido o uso da auga da traída municipal para baldeo, enchido de piscinas, lavado de automóbiles nin para outros fins que non sexa os propios de consumo de uso doméstico.**

Nos casos en que se aprecie que se fai un uso indebido ou desproporcionado do consumo e utilización da auga, procederase á adopción das medidas correctoras pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Asinado electronicamente a marxe do documento  
O Alcalde,

Fdo. Pablo Rivas Folgueira



